



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 3 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo (oferta núm. 12-2021-5635)

Expte. Admvo. Núm.: 2021/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000416

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade comunicou a este concello, con data do 25/06/2021, a concesión dunha subvención para a contratación, baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, a tempo completo e por un período de 2 meses, de 7 socorristas para o Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias e na piscina municipal, ó abeiro dos Programas de Fomento de Emprego coas entidades locais, para o ano 2021.

Por Resolución de Alcaldía núm. 363/2021, de data do 01/07/2021 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 6 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello, previa selección realizada pola oficina de emprego de Carballo.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do servizo público de emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para o dito posto (oferta núm. 12-2021-5635).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 376/2021, de data 08/07/2021 aprobouse a lista de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria.

Vista a acta de selección do Tribunal que avaliou os méritos acreditados polos aspirantes presentados ao concurso-oposición na que propón ao sr. Alcalde designar a Bieito Santos Charlín, Xian Pérez Merelas e Mikel Abeal Inchaurredo como socorristas para as praias do concello por un período de tempo de 2 meses e baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interese social.

Unha vez comprobada a documentación presentada polos aspirantes Bieito Santos Charlín, Xian Pérez Merelas e Mikel Abeal Inchaurredo, establecida na base undécima das bases de selección.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a Bieito Santos Charlín, Xian Pérez Merelas e Mikel Abeal Inchaurredo como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de socorristas no Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias do concello (Expte. TR351A 2021/49-1 Vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. O contrato terá unha duración de 2 meses, dende o 15/07/2021 ata o 14/09/2021, ámbolos dous incluídos.

Segundo: Nomear a Bieito Santos Charlin para que realice as tarefas de coordinador.

Terceiro: De acordo coa base 9.5 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García